

## Benestar Social e Igualdade

# Campamento Sementeira 2017

Sementeira é un servizo socioeducativo dirixido a familias con nenos e nenas de entre 3 e 12 anos, ás que se lles ofrece a posibilidade de conciliar vida persoal e laboral durante as vacacións do verán. Mentres as mamás e papás traballan, a cativeira participa en actividades de todo tipo deseñadas para que o pasen ben xogando, pero tamén para que aprendan dun xeito divertido.

Trala boa acollida da Sementeira do ano pasado, neste 2017 repetiremos a experiencia, que terá como eixo temático a arte na nosa cultura. E é que Sementeira inclúe un completo proxecto educativo preparado por profesionais que durante este verán tirarán dese fío para que os nenos e nenas descubran brincando o rico patrimonio artístico de Galicia, ademais de ser a escusa perfecta para potenciar a súa creatividade.

Os espazos de referencia do campamento serán o local social do Pereiro, en San Xurxo, e mailo polideportivo municipal. Porén, a rapazada e o persoal de monitoraxe andarán por unha chea de sitios: pola feira, a aula de informática, o centro cultural, o patio do cole, pola Casa do Concello, estarán nas pistas polideportivas, achegaranse á área recreativa do Souto Grande, etc.

Lugares todos eles que se prestan a dúcias de actividades e aventuras. Entre elas a filmación dun conto, a construción dun castelo xigante, a programación dun robot, a busca de ouro, a montaxe dunha obra teatral, unha noite de acampada, etc., que culminarán coa festa de fin do verán con inchables, fútbol e máis xogos.



**Duración:** meses de xullo e agosto (ata o 25 de agosto)

**Horarios:** de luns a venres en dúas quendas. A primeira de 9.00 a 14.00h. e a segunda de 10.00 a 14.00h.

As actividades desenvolveranse a partir das 10.00 horas. Ata esa hora os nenos e nenas máis madrugadoras lerán e xogarán. A media mañá farase un descanso con merenda incluída no prezo do obradoiro.

**Persoas destinatarias:** O programa está dirixido a nenas e nenos de 3 a 12 anos, é dicir, que nacesen entre os anos 2005 e 2014.

**Prazas:** 25 -30 prazas segundo as idades e características dos menores. Na franxa horaria de 9 a 10.00h. só se ofrecen 8 prazas.

**Inscrición:** a folla de solicitude está dispoñible na web municipal ou nas oficinas do Concello e o prazo para presentala cuberta finaliza o martes 20 de xuño. As prazas en Sementeira asignaranse por orde de entrada desas solicitudes no rexistro municipal dándolle preferencia a familias con algún membro empadroadado en Moeche -avós, avoas, nais e pais- así como á rapazada que teña matrícula no CEIP San Ramón. Se quedasen prazas libres tamén se lle daría prioridade ás familias nas que algún dos seus membros teña vinculación laboral no municipio.

En cada un dos casos anteriores, sempre terán preferencia as solicitudes da quenda máis madrugadora, a de 9 a 14.00h. Resérvanse 2 prazas para derivacións dos servizos sociais ou casos de urxencia por motivos socio-familiares ou económicos.

**Matrícula:** As familias empadroadas no concello ou con nenos e nenas matriculadas no colexio poderán pagar a matrícula no momento da inscrición. Porén, as familias de fóra do municipio deberán agardar a que o departamento de Benestar social e Igualdade lles confirme a praza antes de efectuar o pagamento.

Cotas mensuais dependendo do horario de entrada	Cotas para os dous meses dep.hora.entrada				
	horarios	de 9 a 14.00 h.	de 10 a 14.00 h.	de 9 a 14.00h.	de 10 a 14.00h
1º membro da unidade familiar		60€	50€	110€	90€
2º membro da unidade familiar		50€	40€	95€	75€
3º membro da unidade familiar		40€	30€	75€	55€

## Ensino

# Programa de Educación viaria

O alumnado do CEIP San Ramón participará o luns 19 de xuño nunha clase de educación viaria ofrecida en colaboración coa policía local de Narón. O obxectivo da xornada é que os nenos e nenas coñezan as normas de circulación peonil e que adquiran o hábito da prudencia cando camiñen por vías urbanas e interurbanas.

Ademais tamén se pretende que a rapazada sexa responsable á hora de utilizar o transporte público -non ir de pé no autobús, ter coidado nas paradas, etc- ou cando viaxe en coche coa familia, utilizando sempre dispositivos de retención axeitados e evitando distraer á persoa que vaia conducindo.



O obradoiro -impartido pola Unidade de Educación Viaria da Policía Local de Narón- traballará tamén o significado dos sinais de tráfico. Non será unha sesión teórica -aínda que o pareza- senón máis ben un xogo grupal arredor da seguridade na estrada.

**Data:** luns 19 ao longo da mañá – **Lugar:** CEIP San Ramón – **Público destinatario:** alumnado de 3 a 12 anos.

## Deportes

# Fin de curso das escolas deportivas municipais

Co remate do curso tamén marchan de vacacións as escolas deportivas municipais. A temporada finaliza o 15 de xuño e ao día seguinte poderemos ver no pavillón unha pequena mostra de todo o aprendido nos últimos meses en todas as actividades físicas ofrecidas polo Concello.

Así, asistiremos á exhibición das escolas infantís de baile moderno, karate e patinaxe, que compartirán pista coas actuacións dos grupos adultos de zumba, spinning e ximnasia de mantemento. Todos e todas levarán de agasalho unha camiseta.



**Data:** venres 16 de xuño – **Hora:** 19.00h. – **Lugar:** Pavillón polideportivo municipal

# Camiñada polas Terras de Moeche: muíños do Loureiro

Continuamos percorrendo o territorio e descubrindo tanta beleza garda a cada paso que damos. A próxima proposta que temos é unha camiñada desde San Xiao ata os muíños do Loureiro, situados entre as parroquias de Labacengos e Santa Cruz e o concello de Cerdido.

Os muíños forman un interesante conxunto etnográfico de 8 construcións ao longo da ribeira do rego, que aínda conserva a súa esencia de bosque atlántico.



A ruta é de dificultade baixa e durará aproximadamente 2,5 horas. É necesario inscribirse antes e recoméndase levar calzado cómodo que protexa os nocellos, roupa transpiralo e bebida.

**Data:** domingo 9 de xullo — **Hora:** 10.30h. — **Saída:** O Ventoeiro, Labacengos

**Información e inscrición:** 981 404 007 ou no correo [daniel.feijoo@moeche.gal](mailto:daniel.feijoo@moeche.gal)

## Verán Deportivo

### Inicio de temporada na piscina municipal

A piscina municipal estreará a temporada 2017 cunha xornada de portas abertas para as familias do municipio. A partir das 12.00h. os nenos e nenas poderán bañarse gratis e, ademais, reservaranse mesas da área recreativa para quen queira traer a comida e xantar alí. Durante a tarde teremos xogos tradicionais, inchables e outras actividades para toda a familia.

Esta xornada de convivencia está organizada polo Concello e pola ANPA do CEIP San Ramón. Con ela preténdese darlle a despedida ao curso escolar e a benvinda ás vacacións, pero tamén presentar todas as melloras realizadas na piscina e no contorno da área recreativa por Construcciones Martiñan: acondicionouse o vaso, instalouse unha pérgola de madeira, repuxéronse papeleiras e mesas, etc. **A piscina municipal abrirá ao público ao día seguinte, luns 19 de xuño. Apuntade os horarios.**

De luns a venres	sábados, domingos e festivos
<b>xuño</b>	
16 a 21.00 h.	12 a 21.00 h.
<b>xullo e agosto</b>	
14 a 21.00 h. 12 a 13.00 h. para cursos de natación.	12 a 21.00 h.
<b>setembro</b>	
16 a 20.00 h.	12 a 20.00 h.

As entradas para días soltos poden mercarse na cantina da propia piscina. Porén, tamén hai a posibilidade de adquirir un abono para que os baños nos saian máis baratos, incluso se imos coa familia. Os abonos hai que solicitalos na Casa do Concello de luns a venres en horario de 9 a 14.00h., ou ben enviándolle un correo a [daniel.feijoo@moeche.gal](mailto:daniel.feijoo@moeche.gal) O carné de acceso entregarase despois de presentar toda a documentación requirida.



Os prezos públicos de utilización da piscina non varían respecto do verán pasado, cando se modificou a ordenanza cunha baixa dos abonos familiares.



Cota de entrada pública		Abono de temporada	
Menores de 3 anos	gratis	Infantil (ata 12 anos)	15€
Infantil (ata 12 anos)	1,50€	Persoas de máis de 12 anos	30,50€
Entrada xeral (máis de 12 anos)	2,80€	Familiar (ata 4 persoas*)	58,50€
		Familiar (a partir da 5ª persoa*)	10€

\* As persoas usuarias que integren o abono familiar deberán ter unha vinculación directa entre elas, por afinidade de consanguinidade de 3º grao (avós/as, pai/nai, fillos/as, irmá/a, tíos/as, sobriños/as, bisavós, bisnetos)

## Cine de verán

E a área recreativa do Souto Grande tamén se converterá nunha inmensa sala de cine ao aire libre na que se proxectará o filme de animación español “Atrapa la bandera”. É unha película de animación para toda a familia dirixida por Enrique Gato tralo éxito colleitado coas aventuras de Tadeo Jones. “Atrapa la bandera” é unha historia de amizade protagonizada por un neno co pano de fondo da carreira espacial. A película acadou un grande éxito internacional tanto polo argumento como pola calidade técnica das animacións, equiparables ás da todopoderosa Pixar.



**Data:** 8 de xullo – **Hora:** 22.30h. – **Lugar:** área recreativa do Souto Grande – **Duración:** 97 minutos – **Prezo:** entrada gratuíta

# Verán en acción

Malia que moita xente aproveita o verán para descansar, para outra é época de practicar todo tipo de deportes e actividades aproveitando o tempo libre. Por iso desde o Concello imos darche varias opcións entre as que elixir.

Actividades	Idades	Lugar	Horarios	Prezo
Curso de tenis	ata 16 anos	Pistas de Abade	luns de 11 a 12 e de 12 a 13.00h. (dous grupos)	7€ un mes 13€ dous meses
Natación infantil	ata 16 anos	Piscina	mércores e venres de 12 a 13.00h.	12€ un mes 20€ dous meses
Natación adultas	máis de 16 anos	Piscina	mércores e venres de 12 a 13.00h.	12€ un mes 22€ dous meses
Natación/ Ximnasia na auga	máis de 16 anos	Piscina	luns e xoves de 12 a 13.00h.	15€ un mes 28€ dous meses
Ximnasia ao aire libre	máis de 16 anos	Parque biosaudable do Concello	martes e xoves de 10 a 11.00h.	actividade gratuíta

Todas estas propostas desenvolveranse durante os meses de xullo e agosto. Para informarnos ou facer a inscrición podemos chamar ao 981 404 006 ou enviar un correo a [daniel.feijoo@moeche.gal](mailto:daniel.feijoo@moeche.gal)



## Transparencia

### CONVENIO COA DEPUTACIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DA FEIRA E DO CASTELO

O Concello de Moeche e a Deputación da Coruña asinaron un convenio o pasado 5 de xuño co que o organismo provincial se compromete a financiar con 11.800 € un programa de actividades para dinamizar a feira e tamén o castelo.

O acordo contempla unha exposición de cantería, a renovación dos paneis sobre a historia irmandiña en relación coa fortaleza de Moeche e a celebración tanto da Feira do Queixo como do Mercado do Nadal.

O orzamento total de todas estas actuacións e da súa difusión ascende a 14.750€, sufragados nun 80% pola Deputación.



# Espectáculos da Rede Cultural da Deputación

O Concello ampliou este ano o número de espectáculos solicitados a través da Rede Cultural da Deputación. Esta rede vén sendo un catálogo de artistas e grupos galegos -música, teatro, maxia, espectáculos de rúa, etc.- dos que os municipios poden botar man para as súas propias programacións pagando só unha parte do seu prezo mentres que a Deputación asume o resto.



Neste ano 2017 a Moeche correspondéronlle preto de 15.000 euros -o 75% do total-, despois de que a área de Cultura da Deputación decidise que os concellos de pouca poboación só teñan que achegar o 25%, fronte ao 30% que se esixía ata agora. Isto permítenos dispoñer dunha ampla e variada programación cultural de calidade.

Música	Xabier Díaz e as Adufeiras de Salitre	Festival Irmandiño
Música	De Vacas	29 de xullo, Castelo de Moeche
Música	Xoán Curiel	decembro, CC. Francisco Piñeiro (Abade)
Música	Andarivel	local do Ventoeiro, AVV Labacengos
Música	Coral Eixil	local do Pereiro, AVV Val de Moeche
Teatro	A Pombiña	CC Francisco Piñeiro (Abade)
Maxia	Mago Charlangas	marzo, Feira do Queixo
Maxia	Maxia pola igualdade - Fani Triana	novembro, CC Francisco Piñeiro (Abade)
Cine	Atrapa la bandera	xullo, Área recreativa de Souto Grande
Cine	A praia dos afogados	agosto, San Ramón
Cine	Maimiño	novembro, C.C.Francisco Piñeiro (Abade)

## BASES E PECHAMENTOS PARA OS COLECTORES DO LIXO

Durante estes días estanse facendo as obras de preparación das bases para os colectores do lixo en 85 puntos das cinco parroquias do concello. Os traballos consisten en fundir as bases con cemento e en poñer un peche perimetral de madeira que garde os colectores. Na zona máis urbana -onde non fai falla botar formigón- instalaranse suxeicións de aceiro inoxidable.

O proxecto ten varios obxectivos: asegurar os colectores para que o vento non os arrastre cara ás pistas, facilitarlle o traballo ao servizo de recollida e, tamén importante, que os puntos para botar o lixo luzan un pouco máis curiosos.

As obras teñen un presuposto de execución material de 26.859,63€ financiados no 100% pola Deputación da Coruña con cargo ao Plan de Medio Ambiente, no que se incluíu outra partida para o proxecto de mellora da rede de auga que está a piques de rematar. A empresa encargada de executar o proxecto é Construcciones J. Piñeiro, gañadora do concurso de licitación



---

## Actividades Veciñais



### A.VV. Val de Moeche

#### A.VV. VAL DE MOECHE

A asociación veciñal do Val de Moeche ten programadas dúas actividades para este mes de xuño. A primeira é unha ruta de sendeirismo seguindo o curso do Xuvia desde San Sadurniño ate o Muíño de Pedroso -en Narón- e a outra é a celebración do San Xoán. Apuntade os datos:

#### Ruta de sendeirismo San Sadurniño-Muíño de Pedroso

**Data:** 18 de xuño (duración: 3,5 h)

**Hora:** saída ás 16.30 h desde o Pereiro, en coche ata San Sadurniño, onde comeza a ruta.

#### Lume de San Xoán

**Data:** 23 de xuño

**Hora:** ás 20.00 horas actuación da Coral Eixil (Rede Cultural da Deputación da Coruña e Concello de Moeche). Ao remate churrasco e lume de San Xoán.

**Lugar:** Local do Pereiro (San Xurxo)

Para obter máis información ou para apuntarse ás actividades hai que **chamar ao 696 944 914**



#### A.VV. LABACENGOS

#### Obradoiro de sobremesas de Patrón

Comeza a tempada de festas patronais e en Labacengos queremos manter vivo o costume de elaborar as tradicionais sobremesas da festa do "Patrón" que deleitan as tardes de conversa e partida.

**Datas:** 28 de xuño, mércores, e 5 de xullo, mércores

**Hora:** 16.45 a 18.45 h

**Lugar:** Local social de Abade

**Prezo:** 3 €

Información e inscrición: **606 729 038**

**Tradicional churrascada** coa que lle damos a benvinda ao verán. Cos seguintes datos:

**Data:** 8 de xullo

**Hora:** 14.30 h

**Lugar:** local do Ventoeiro (Labacengos).

Máis información e inscricións no **606 729 038**

---

## Desenvolvemento Local

# Precaucións ante os incendios e recordatorio da normativa sobre plantacións forestais

Chega o verán logo dun inverno seco. E con el tamén vén aí o perigo dos incendios forestais, que xa andaron preto hai algunhas semanas. Lembrede que en caso de lume hai que chamar inmediatamente ao 085 . Para evitar problemas graves é necesario que todos e todas respectemos as distancias de plantación marcadas pola lexislación da Xunta de Galicia así como manter limpos de maleza os montes e terreos.

A Lei 7/2012, del 28 de xuño de montes e, publicada no DOG do 23 de xullo de 2012 marca as distancias mínimas para as diferentes especies forestais. **A normativa autonómica sobre prevención de incendios obriga a manter o monte limpo e a gardar as distancias con respecto ás vivendas, unha responsabilidade que lle atinxe ás persoas propietarias de parcelas plantadas ou, de ser o caso, ás arrendatarias ou usufructuarias das mesmas.**

Así, **no caso dunha casa illada**, a lei di que desde o límite dunha vivenda ata os 10 metros de distancia non pode haber maleza nin árbores. Nese límite comeza outra faixa ata os 30 metros na que tampouco pode haber maleza, nin piñeiros, nin eucalipto nin acacias e outras especies pirófitas, aínda que se permiten árbores frondosas coma os castiñeiros ou os carballos sempre que estean ben separadas entre si. Por último, dos 30 aos 50 metros non pode existir maleza e as árbores, sexan do tipo que sexan, deben estar ben separadas entre elas.



**Arredor das aldeas e núcleos**, a

normativa di que desde o límite perimetral ata os 30 metros non pode haber plantados piñeiros, eucaliptos ou acacias, nin tampouco haber maleza. Dos 30 aos 50 metros tamén se esixe que as árbores estean ben separadas entre elas e o chan libre de maleza. Nas novas edificacións de uso residencial, comercial, industrial ou servizos, instalacións agrogandeiras ou forestais manterase unha faixa de seguridade de 50 metros en iguais condicións que para as casas illadas.

Cómpre sinalar que a Xunta está sendo especialmente recta requirindo o cumprimento da normativa tanto no referido ás distancias como no tocante ás plantacións forestais feitas sen autorización previa en solo rústico de especial protección agropecuaria.



## DISTANCIAS MÍNIMAS QUE DEBEN RESPECTAR AS NOVAS REPOBOACIÓNS FORESTAIS

<b>a)</b> Con parcelas forestais.	2 metros.
<b>b)</b> Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria.	10 metros.
<b>c)</b> Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria.	4 metros cando se empreguen as especies frondosas definidas no anexo 1 da lei, e 10 metros no resto de especies.
<b>d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril.</b>	<b>4 metros cando se empreguen as especies frondosas definidas no anexo 1 da lei (carballos, castiñeiros, bidueiros, etc.) e 10 metros no resto de especies, como son eucaliptos e piñeiros.</b>
<b>e) Con pistas forestais principais.</b>	<b>2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1; no resto de especies, 4 metros en xeral, e 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco.</b>
<b>f)</b> Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica.	5 metros para todas as especies.
<b>g)</b> Con canles fluviais de máis de 2 metros de largo.	5 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo 1, e 15 metros no resto de especies, contados desde o dominio público. Non será aplicable en actuacións de recuperación ambiental.
<b>h)</b> Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural. <b>i)</b> Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado.	15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo 1, e 30 metros no resto de especies.
<b>j)</b> Con cámpings, gasolineras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento.	25 metros para especies de frondosas do anexo 1, e 50 metros para o resto de especies.